

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 27 DE ABRIL DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseite de abril de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 20 de abril do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

“Visto o expediente a nome de **don Perfectino Iglesias Blanco**, con domicilio rúa Pequena nº3 San Cristovo, Ribadavia relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de San Cristovo, no inmovible sito na rúa Pequena nº 9 desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1.- Escrito da Consellería de Sanidade, con data de entrada no concello de 20 de abril de 2009 e nº RE 2622, no que se notifica a concesión da subvención de 40.000 € a unha serie de concellos do Ribeiro entre os que se atopa o Concello de Ribadavia.

2.- Recurso de procedemento ordinario nº 275/05-C en relación coa xunta de goberno local do 5 de setembro de 2005 no que se denegaba a licenza de parcelación ó demandante.

3.- Comunicación da consellería de Medio Rural de data 21/04/2009 e nº RE 2644, relativa ao remate da obra de modificación do acondicionamento do Cruceiriño en Francelos..

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CORRECCION DE ERROS.-

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno de data 23.02.09, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda correxilo quedando o mesmo do seguinte xeito:

“ORDE DO 30 DE DECEMBRO DE 2008 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DE PROMOCION E FOMENTO DE COOPERATIVISMO.

“Vista a Orde de 30 de Decembro de 2008 pola que se convocan subvencións aos Concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento de cooperativismo, publicada no DOGA nº 6, de 9 de xaneiro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, de acordo co artigo 3.2. da Orde.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no artigo 3 da mesma.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primero.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

SOGAMA, servizo de tratamento de residuos sólidos urbanos, setembro 2007, planta de Beade, por importe de 9.027,47 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

ORDE DO 18 DE MARZO DE 2009 POLA QUE SE REGULAN AS BASES PARA A CONCESION DAS SUBVENCIONS DESTINADAS AS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA DIRIXIDAS A FAVORECER E DINAMIZAR O COMPROMISO COA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES.

“Vista a Orde de 18 de Marzo de 2009 pola que se convocan regulan as bases para a concesión das subvencións destinadas a entidades locais de Galicia destinadas a entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes, publicada no DOGA nº 63, de 1 de abril de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes, de acordo co artigo 5.4.d) da Orde.

Segundo.- Designar como representante do Concello o concelleira Dona Maria Belén Vázquez Padrón.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO